

## **CIRCULAR 4 /11-09-2020 Cambio de data de inicio do curso escolar 2020-21 para ESO e Bacharelato.**

Estimadas familias:

A día de hoxe seguimos sen ter informacións oficiais das condicións finais que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vai a esixir para o comezo de curso escolar.

Publicáronse dúas Instrucións, unha o 22 de xullo e outra o 31 de agosto (D.O.G. nº 174 bis do 28 de agosto de 2020), que modificaba substancialmente a medida de distanciamento entre o alumnado de ESO e Bacharelato dentro das aulas, a partir das cales estivemos a traballar organizando e planificando o comezo de curso.


Neste momento sabemos por un comunicado publicado hoxe, ás 14.18h., no Portal Educativo da Xunta de Galicia que o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, anunciou o adiamento nunha semana do inicio de curso en Secundaria, en concreto aos días **23, 24 e 25 de setembro**.

Co novo calendario mantense a distribución por cursos no inicio escalonado. Así, os alumnos de 1º e 2º da ESO, os de 1º de Bacharelato, que inicialmente comezarían as clases o vindeiro mércores 16, farano o mércores 23; mentres que os de 3º da ESO, de 2º de Bacharelato, que volvían ás aulas o xoves 17, regresarán finalmente o xoves 24. O alumnado de 4º da ESO, que comezarían as clases o venres 18, farano o venres 25, **mantendo o mesmo horario sinalado**.

Sabemos que toda esta situación está xerando desconcerto e intranquilidade en familias e alumnado, que quixeramos evitar. Só podemos transmitirles que, todo o persoal do Colexio, estamos a traballar intensamente para que o comezo se faga coa maior seguridade posible e tendo presente sempre ao noso alumnado.

Un afectuoso saúdo,

Ourense a 11 de setembro de 2020



Asdo.: Yolanda Álvarez Álvarez